

Estimados e estimadas colegas.

Un curso máis, despois da paréntese do pasado 2021-22, volvo ser a directora do Grupo de Traballo de Física da CiUG. Por iso, preséntovos nesta breve circular as (escasas) novidades que temos este curso con respecto ao exame da ABAU 22-23.

Como poderedes coñecer polas informacións que foron saíndo na prensa, este curso é o último antes de que se estableza o período de transición cara ao novo acceso á Universidade que está a propoñer o Ministerio de Educación e Formación Profesional. Por iso, e segundo a indicación da CiUG, neste curso 2022-23 o modelo de exame e as Orientacións xerais para a preparación deste son as que aparecen na páxina web da CiUG, as mesmas que as do pasado curso. No documento de Prácticas actualizamos as ligazóns ás distintas simulacións e engadimos unha aclaración na práctica de interferencia e difracción. Debido a que xa non hai restricións, todas as prácticas do documento poden entrar no exame. Dende o Grupo de Traballo non deixaremos de insistir na importancia das competencias que se adquiren con estas prácticas e na necesidade de que o alumnado valore e disfrute a aprendizaxe de Física no laboratorio.

Doutra banda, gustaríame informarvos que o pasado mes de marzo, por indicación da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), constituíuse a Rede de Coordinación da materia de Física, na que participamos os directores dos Grupos de Traballo de Física dos 17 distritos universitarios do Estado. A motivación desta Rede foi preparar o deseño do modelo de exame que se implantará no curso 2023-24 adaptado ao novo currículo que establece a LOMLOE, sen que, por suposto, isto implique que vaia haber un único exame para todos os distritos universitarios. Esta Rede mantivo reunións periódicas ata xullo e presentou á CRUE en setembro unha proposta consensuada entre todos. Dende logo, fareivos chegar calquera información relevante sobre este asunto.

Como sempre, estou á vosa disposición para tentar aclarar calquera dúbida que vos poida xurdir.

Grazas pola vosa colaboración e un cordial saúdo,

Carolina Torrón  
Grupo de Traballo de Física